



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Pérez Vázquez, M<sup>a</sup> Consuelo  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Souto García, Raquel

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel  
Ferro Soto, Antonio Carlos  
Lavilla Beltrán, M<sup>a</sup> Isela  
Pardo Froján, Juan E.  
Picos Martín, Juan  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier

### PDI-A

Fálagan Mota, Jorge  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Pazos Arias, José Juan  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rivo López, Elena

### PDI-B

Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

González López, Raquel

### PAS

Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

González de Prado, Begoña  
Pérez Gómez, Luis

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Cebro Rodríguez, Xoán  
Collazo Fernández, Antonio  
Couto Cancela, Daniel  
Cuevas Alonso, Miguel  
Cuiñas Gómez, Iñigo  
Currás Valle, Consuelo  
Dominguez Blanco, Santiago  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
García Cutrín, Francisco Javier  
García Señorán, M<sup>a</sup> del Mar  
Gómez Fariñas, Beatriz  
González Almón, Yasmina  
González Santamaría, Pedro  
Lorenzo Rodríguez, Edita  
Rico Fuentes, Juan Jesús  
Ruiz Hidalgo, Carmen

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 28 de novembro de 2019, convocada para as 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Ás 10:02 h do día **28 de novembro de 2019** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 28 de outubro de 2019.

Non habéndose presentando alegacións en tempo e forma, apróbase a acta por asentimento.

### 2. Informe do Sr. reitor.

O Sr. reitor felicita aos representantes sindicais recentemente electos do Pas laboral e expresa o pésame polo falecemento do Sr. Manuel Soto, ex-alcalde da cidade de Vigo.

O Sr. reitor informa sobre as seguintes cuestións:

- Inauguración das salas de lactación nos tres campus da Universidade de Vigo.

- Nomeamento de María Xosé Bravo como directora da Inspección de Servizos, consonte aos artigos 29.h) (“correspóndenlle á reitora ou reitor as seguintes competencias: ... Constituír e organizar a inspección de servizos”), 56.2 (“agás nos casos en que unha norma de rango superior dispoña outra cosa, correspóndelle á reitora ou reitor tanto a incoación dos expedientes disciplinarios coma a súa resolución”) e 57 (“a Universidade disporá de medios humanos coa formación técnica necesaria para velar polo bo funcionamento dos servizos ... que inclúe a tramitación de informacións reservadas e a instrución dos procedementos disciplinarios que procedan”) dos Estatutos da Universidade de Vigo.

- Nomeamento de Francisca Fariña como directora da Área de Convivencia e Xestión Positiva de Conflitos, consonte ao artigo 57 dos Estatutos da Universidade de Vigo (“A Universidade disporá de medios humanos coa formación técnica necesaria para ... facilitar a prevención e a solución de conflitos internos...”).

- Asinada a cátedra MN, dirixida por D<sup>a</sup>. Carmen García Mateo.

- Celebración do OURS (Ourense Rural Summit), que rematou coa “Declaración de Santo Estevo” sobre desenvolvemento do ámbito rural.

- Agradecemento á Profa. Ana Gago pola prórroga do contrato relativo ao Laboratorio Europeo de Biotoxinas Mariñas
- Informes sobre a titulacións de Deseño e Creación (negativo) e sobre o Máster en Aeronáutica (positivo con condicións), que se tentará de implantar o antes posible.
- Convocatoria dos Graos Universitarios Abertos da Xunta de Galicia. Faranse xuntanzas cos centros a este respecto a partir da semana vindeira para planificar a participación nesta convocatoria, contando cos requisitos establecidos na mesma (deben ser titulacións do mesmo ámbito e campus).
- Publicación da convocatoria dos másteres de excelencia. Tratarase este asunto tamén nas xuntanzas cos centros sinaladas no punto anterior, para buscar os cinco candidatos que permite presentar a convocatoria á nosa Universidade.
- Clasificación da Universidade de Vigo no ranking de transparencia da Fundación Compromiso e Transparencia, situada entre as máis transparentes do Estado (43/49). Agradece o traballo da Unidade de Análise e Programas.
- Comenta o cambio de campus do Concerto de Nadal, previsto inicialmente para o 18 de decembro no campus de Ourense. Probablemente se cambiará para o campus de Pontevedra

**3. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade e Profesorado Contratado Doutor correspondentes ao 15% das OEP de 2018 e 2019 reservado para investigadores Ramón y Cajal con certificación I3, e a creación das prazas correspondentes.**

O Sr. reitor sinala que o punto retírase por falta de acordo na mesa de negociación. Levarase ao seguinte Consello de Goberno. O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado expón que ata onte non chegou a aprobación pola Xunta da OPE e que na mesa de negociación do PDI expúxose unánimemente a posibilidade dun procedemento previo interno de traslado, que quedou en ser estudada.

Retírase o punto.

**4. Modificación, se procede, da Normativa de Xestión Académica para Titulacións de Grao reguladas polo Real Decreto 1393/2007.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que expón o sentido da modificación, para adaptar a normativa (de 2009, modificada en 2014) ao novo procedemento de sinatura electrónica de actas por parte dos coordinadores da materia, consonte á instrucción recentemente emitida pola Vicerreitoría. O Servizo de Grao tamén aportou unha serie de cambios técnicos e de redacción, aínda que sería necesaria probablemente unha nova normativa. O Sr. vicerreitor detalla os cambios artigo por artigo, que foron acompañados co resto da documentación achegada para a presente sesión.

O Sr. director da Escola Superior de Enxeñaría Informática fai unha pregunta sobre o termo “actas de primeira edición” e pregunta pola súa relación coas posibilidades de presentarse a novas convocatorias, e se está adaptada aos novos Estatutos. O Sr. vicerreitor remítese á futura nova normativa, que se adaptará aos Estatutos. Pregunta tamén pola posibilidade dunha dilixencia dixital. O Sr. vicerreitor de Planificación e Sostibilidade indica que sí, e aproveita para expoñer os bos resultados do novo sistema. O Sr. director da Escola Superior de Enxeñaría Informática sinala que o informe en caso de calificación negativa debe corresponder ao servizo e non ao profesor. O Sr. vicerreitor sinala que o estudará. No punto 9 pregunta se o tribunal previsto é só para revisión ou tamén para avaliación e cre que o procedemento non resulta axeitado para a avaliación continua. O Sr. vicerreitor o apunta para a nova

normativa, prevista en principio para marzo. O Sr. director da Escola Superior de Enxeñaría Informática pide que se unifique a normativa de matrícula.

Apróbase por asentimento a modificación.

#### **5. Aprobación, se procede, da convocatoria do programa de captación de talento investigador de excelencia para o ano 2019.**

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Investigación, despois de indicar que se intentará fortalecer por arriba a captación de talento do máis alto nivel. A Sra. vicerreitora expón os criterios previstos para a convocatoria, que foi incluída na documentación, e adaptada aos criterios esixidos polas convocatorias da Xunta de Galicia que financian este tipo de contratos. O Sr. reitor aclara que os acordos que saen das mesas sindicais de negociación non se poden variar (apróbanse ou rexéitanse nos seus propios termos), como sucede neste caso.

Apróbase por asentimento.

#### **6. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público do Pas da Universidade de Vigo para o ano 2019.**

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. xerenta que procede a detallar as liñas da OPE do PAS para o ano 2019, achegada co resto da documentación. Indica que o documento foi negociado coas organizacións sindicais (agás certas discrepancias menores, nas que se aplicou o disposto polo convenio colectivo). A Sra. xerenta fai unha presentación na que expón a normativa aplicable, a taxa de reposición de funcionarios (5), as prazas de promoción interna independente (16) e non fixo (2), así como as de estabilización de emprego (57), tanto funcionarios como laborais. Detalla as categorías e escalas das prazas previstas. O Sr. Carlos Mollinedo indica a súa abstención e as razóns da mesma, xa que non recibiu toda a documentación. O Sr. Luis Pérez fai unha reflexión en torno ao acontecido nas mesas de negociación, cun símil cinematográfico, e entende que a oferta é mellor negociada a principios de ano, xa que en esta ocasión, ao seu entender, adíuse demasiado e foi mediatizada pola inminencia de procesos electorais. Aclara que non ten voto, senón voz, pero que, se tivera voto, votaría en contra da oferta. Detalla certos aspectos que entende negativos relativos á negociación que foi levada a cabo.

D<sup>a</sup>. Susana Reboreda explica a súa abstención por entender que debería haber unha resposta ás observacións do Sr. Pérez. A Sra. xerenta explica o porqué do resultado das negociacións levadas a cabo, o que incluíu consultas á Xunta e ao Ministerio, admitindo certos aspectos nos que entende que o Sr. Luis Pérez ten razón na súa intervención e que este actuou en positivo nas súas negociacións. Continúa un breve debate entre a Sra. xerenta, o Sr. Luis Pérez e o Sr. Carlos Mollinedo sobre aspectos puntuais da negociación. A Sra. Reboreda expón que en tal caso quere que conste que cambiaría o seu voto por un voto positivo.

Procédese á votación.

Votos a favor: 22

Votos en contra: 0

Abstencións: 2

Apróbase por maioría.

### **7. Modificación, se procede, do Regulamento de Participación en Competicións Deportivas Interuniversitarias.**

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, que indica as razóns da modificación do regulamento, aprobado en 2013. A nivel xeral, reestruturáronse os artigos e capítulos e modificouse o procedemento de notificación, que agora é electrónico. Tamén se engade un apartado de responsabilidade dos participantes por actuacións indebidas e recóllese un breve código de conducta, así como as funcións da comisión externa. Todas as modificacións pasaron polos distintos servizos, incluída a Unidade de Igualdade, que fixo suxerencias. Aprobouse na Comisión de Extensión.

Apróbase por asentimento.

### **8. Aprobación, se procede, do modelo de gobernanza do Campus da Auga.**

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora do Campus de Ourense. A Sra. Esther de Blas expón o transfondo deste asunto, derivado do proceso de acreditación dos Campus de Especialización. A Sra. vicerreitora expón a estrutura do comité, que estaría presidido polo Sr. reitor e formado por 13 membros.

O Sr. director da Escola Superior de Enxeñaría Informática pregunta se estamos a aprobar o mesmo nos tres puntos e indica que no texto de Ourense falta o equilibrio paritario, así como unha mención aos comités consultivos. O Sr. reitor aclara que hai matices diferentes, aínda que o espírito sexa o mesmo. O Sr. director da Escola Superior de Enxeñaría Informática insiste se o acordo será entón para os tres Campus “comité de dirección” ou “modelo de gobernanza”. A Sra. vicerreitora de Transferencia resposta que será “comité de dirección”. A Sra. Esther de Blas aclara que os comités consultivos os decidirá o comité de dirección. En tal caso o Sr. director da Escola pide que se inclúa tal función para o comité de dirección. Apróbase incluír ambas peticións.

O Sr. Luis Pérez pide que o modelo de gobernanza sexa igual nos tres Campus, particularmente nas cuestións de maior calado, como respecto ás peticións de titulacións.

Apróbase por asentimento, coas modificación apuntadas polo Sr. director da Escola de Escola Superior de Enxeñaría Informática.

### **9. Aprobación, se procede, do modelo de gobernanza para o Campus de Especialización CREA de Pontevedra.**

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Transferencia, en ausencia xustificada do Sr. vicerreitor do Campus de Pontevedra. A Sra. vicerreitora aclara certos erros menores detectados no documento relativo ao Campus de Pontevedra (o vicerreitor de Campus será vicepresidente, e non vogal) e explica a metodoloxía e a finalidade destes comités de dirección nos tres Campus que, en realidade, son os que propoñerán os comités consultivos, en resposta á observación do Sr. director da Escola Superior de Enxeñaría Informática, que pide que se inclúa aos Consellos de Campus en relación cos informes que se deben presentar.

Apróbase por asentimento, coas correccións apuntadas e a modificación solicitada por lo Sr. director da Escola Superior de Enxeñaría Informática.

**10. Creación, se procede, do Comité de Dirección para o Campus de Especialización Vigo Tecnolóxico.**

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Transferencia, que expón a estrutura do Comité, presidido polo Sr. reitor e do que formarán parte os directores das Escolas de Enxeñaría do Campus de Vigo, entre outras persoas. O Sr. director da Escola Superior de Enxeñaría Informática reitera as súas suxerencias, que son aceptadas.

Apróbase por asentimento.

**11. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno: Investigación (1 estudante).**

O Sr. reitor informa de que non se presentaron candidaturas polo que non caben eleccións.

**12. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado (1 estudante)**

O Sr. reitor informa de que non se presentaron candidaturas polo que non caben eleccións.

**13. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.**

O Sr. reitor informa de que non se presentaron candidaturas polo que non caben eleccións.

**14. Quenda de intervencións.**

O Sr. Luis Pérez pregunta polas medidas que se tomarán en relación co correo electrónico dun representante sindical en relación cos niveles de radón detectados no campus de Ourense, o que entende inadmisibile e inaceptable, pola alarma social xerada. O Sr. reitor indica que xa houbo unha primeira advertencia ao respecto sobre o deber de silencio neste tipo de asuntos e que estanse a estudar medidas técnicas e doutra índole. Lamenta a situación creada.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:15 h. do día 28 de novembro de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral